

Boletín nº1
4ª Proba da I COPA DEPUTACIÓN DE ORIENTACIÓN DEPORTIVA
O BARCO DE VALDEORRAS. Sábado, 1 de Outubro de 2016

ORGANIZA:

O club Peña Trevinca Barco xunto coa A.D. Limiactiva, en colaboración co Concello de O Barco de Valdeorras e a Deputación de Ourense.

INSCRICIÓNS:

As inscricións faranse cubrindo o formulario na páxina web www.clubtrevincabarco.org

DATA LÍMITE:

Venres 30 de setembro ás 14:00h

TARXETA SPORTIDENT:

Tódolos percorridos utilizarán tarxeta SportIdent. A organización asignará unha pinza de aluguer cun custe de 1€ a aqueles que non dispoñan de pinza SportIdent.

Dita pinza deberá ser recollida na secretaría antes do inicio da carreira e devolta á organización xusto no momento de chegar á meta. Pola perda ou deterioro da mesma aboaranse 20€.

COTAS:

Categorías Pre-Benxamín, Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete, de balde.

Resto: 3 euros A PAGAR O DÍA DA CARREIRA (+) 1€ a aqueles que non dispoñan de pinza SportIdent

ZONA DE COMPETICIÓN E CONCENTRACIÓN:

A proba disputarase no na localidade de Entoma. O lugar de concentración será a praza de Éntoma (Valdeorras).

CÓMO CHEGAR:

Dende Ourense e Ponferrada através da N120 e logo coller a estrada a Éntoma (Rúa de Albar) .

Coordenadas: (42.421833, -6.937305)

PROGRAMA:

16:00h Apertura da secretaría- entrega tarjetas Sportident para a carreira na praza de entoma

16:30h. Carreira de Orientación (menores de 12 anos acompañados dun adulto)

18:30h Peche de meta

MAPA:

Mapa a escalas 1:5000 con equidistancia de 5m, realizado por Martín Morales durante o verán de 2014. Revisión parcial de campo en agosto de 2016. O terreo para esta proba acolle zonas diferenciadas desde o punto de vista do orientador. Así atoparemos unha pequena zona semiurbana, onde estará a meta, para logo pasar a outra zona con viñedos que alternan con bosque de piñeiros ou castiñeiros de varios niveis de penetrabilidade e con algúns detalles rochosos e zonas pedregosas. Haberá tamén unha zona con vexetación rastrera moi espesa que se desaconsella atravesar aínda que presente unha boa visibilidade.

CATEGORÍAS:

Masculina e feminina:

- PRE-BENXAMÍN (2009-2010)
- BENXAMÍN (2006-2007-2008)
- ALEVÍN (2004-2005)
- INFANTIL (2002-2003)
- CADETE (2000-2001)
- SÉNIOR (ATA O 1999 sen límite de idade)
- VETERÁNS 45 (Nados no 1971 e anteriores)

PERCORRIDOS:

- BENXAMÍN (2006-2007-2008) e PREBENXAMÍN (2009-2010). **Correlín**
- INFANTIL/ALEVÍN (2002-2003).
- CADETE (2000-2001).
- SÉNIOR (ATA O 1999 sen límite de idade).
- VETERÁNS 45 (Nados no 1971 e anteriores).


Boletín nº1
4ª Proba da I COPA DEPUTACIÓN DE ORIENTACIÓN DEPORTIVA
O BARCO DE VALDEORRAS. Sábado, 1 de Outubro de 2016

NORMAS:

PREVENCIÓN DE RISCOS, INSTRUCCIÓN DE SEGURIDADE E RECOMENDACIÓN:

- Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes das carreiras de orientación a pé.
- Algúns percorridos veranse obrigados nalgún momento a circular ou cruzar camiños, cuxo nivel de circulación é moi baixo ou nulo (recordando a tódolos participantes que teñen a obriga de coñecer e respectar as normas de circulación). Coidado cos vehículos que están facendo tarefas agrícolas.
- Coidado coas zonas con pedras, poden ser perigosas. Nesta época do ano, a vexetación pode estar bastante crecida, polo que se aconséxa o uso de polainas para protexer as pernas.
- **Os percorridos haberá que facelos no orde indicado no mapa.** En todo momento, hai que respectar as propiedades públicas e privadas.
- Únicamente se permite o uso do compás analóxico como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Non está permitido o uso de calquer outro dispositivo electrónico que axude na orientación.
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. Balizas de distintos percorridos moi próximas. Olo ó código da baliza!
- **É obrigatorio pasar pola meta, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización.**
- Non está permitido seguir a outros/as participantes. Non está permitido falar con outros/as participantes.
- Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores, regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da FEGADO, FEDO e IOF.
- **Todo participante ao efectuar a inscrición da carreira, enténdese que autoriza o uso de imaxes da mesma para poder ser publicadas en calquera medio de comunicación.**

Acceso a zona de competición:



ORGANIZAN:



PATROCINAN:



COLABORAN:

